



SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Carballiño, setembro de 1998



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LIMIAR

A lingua galega constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, como sinal de identificación e diferenciación de Galicia. Ó longo da súa historia coñeceu períodos de "explendor" (sendo a lingua que se usaba en tódolos ámbitos) e de "debilitamento", quedando relegada a lingua oral. Coa chegada da democracia a España, viuse un camiño aberto cara a súa normalización.

A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978 di:

ARTIGO III

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

NO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA DO 1981 proclámase a oficialidade da lingua galega impoñéndolle unha serie de obrigas ós poderes públicos autonómicos. Estes han de utilizala como lingua de uso normal de comunicación e entre eles e nas súas relacións coa cidadanía.

ARTIGO 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

A LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO 1983 desenvolve aínda máis este mandato estatutario.

TÍTULO II DO USO OFICIAL DO GALEGO

ARTIGO IV

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.
2. Tamén a é o castelán como lingua oficial do Estado.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LEI 5/1997, DO 22 DE XULLO, DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

ARTIGO VII

1. O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais farase en lingua galega.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, tales entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial, o castelán.

3. A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.

Por todo o dito, considerando que abonda para cambia-las actitudes lingüísticas, propónselle ó Pleno do Concello do Carballiño a aprobación desta ordenanza.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DO CARBALLIÑO

CAPÍTULO PRIMEIRO DO USO OFICIAL DO IDIOMA GALEGO

ARTIGO I

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello do Carballiño.
2. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal teñen plena validez e eficacia.

CAPÍTULO SEGUNDO ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO II

1. O uso da lingua galega por parte do Concello do Carballiño e dos organismos que del dependan (padroados, organismos autónomos, sociedades anónimas, municipais etc...) base rexir polos criterios establecidos nesta ordenanza.
2. As empresas adxudicatarias ou concesionarias, que actúan por conta deste concello, así como as de explotación mixta farán o propio e base facer constar explicitamente nos documentos correspondentes.
3. O Concello do Carballiño velará para que a nivel interno e nas actividades en que participe -convenios, consorcios- sexan aplicados os principios anteriores aquí establecidos.
4. O Concello do Carballiño creou o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) co obxectivo de impulsa-la normalización da lingua galega. Tódolos organismos que dependan do concello han de se axustar ós criterios de uso lingüístico que difunde o Servizo de Normalización Lingüística.

CAPÍTULO III DO USO DO GALEGO NA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

ARTIGO III

1. As actuacións internas do Concello do Carballiño faranse en lingua galega.
2. Serán redactadas en lingua galega: as actas de sesións que realice o Concello Pleno, as Comisións Informativas; tamén as actas de diversos padroados, consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes deste concello.
3. O alcalde e os/as concelleiros/as, e tamén as diversas dependencias administrativas ou servizos, redactarán en lingua galega os dictames, informes e propostas que teñan que someterse a decisión ou coñecemento de calquera órgano corporativo municipal.
4. Tódolos impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello do Carballiño redactaranse en lingua galega.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

5. Os rétullos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda caste de impresos, os selos de goma e outros elementos similares han de estar escritos en galego.
6. As aplicacións e programas informáticos han de estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

ARTIGO IV

1. Cando o concello encargue estudos a terceiros, proxectos e traballos análogos terase en conta o que estean redactados en lingua galega.
2. O concello tamén terá en conta que os seus contratistas e provedores presenten a documentación en galego e que, na medida do posible, fagan uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto do contrato. Isto ha de constar no Prego de condicións dos contratos administrativos que aprobe o concello.

CAPÍTULO CUARTO

DAS RELACIÓNS COS/COAS ADMINISTRADOS/AS

ARTIGO V

1. Tódolos expedientes administrativos do Concello do Carballiño tramitaranse en lingua galega.
2. Cando o/a interesado/a o solicite formalmente faráselle entrega dos documentos na lingua oficial que demande. En calquera caso non se interromperá a tramitación en lingua galega.
3. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas e xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en lingua galega sen prexuízo do dereito dos/as cidadáns/ás a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.
4. Os expedientes que vaian ter efectos fóra do territorio de Galicia, faranse tamén en galego, e expediranse, se acaso, copias na lingua propia do territorio onde se dirixen ou en castelán.

ARTIGO VI

Faranse impresos bilingües sempre que algunha circunstancia especial o requira, a proposta do Servizo de Normalización Lingüística o texto galego figurará como preferente.

ARTIGO VII

O persoal do concello empregará a lingua galega nas comunicacións orais cos/coas cidadáns/ás a non ser que o/a administrado/a pida ser atendido/a en castelán.

ARTIGO VIII

Os documentos públicos e contractuais outorgados polo concello redactaranse en lingua galega. No caso en que conorra con outros outorgantes, o documento redactarase na lingua que se acorde, e se acaso o concello solicitará unha copia en galego para incorporala ó expediente.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CAPÍTULO QUINTO DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

ARTIGO IX

1. A documentación que o Concello do Carballiño dirixa a calquera das administracións públicas dentro do territorio de Galicia redactarase en lingua galega.

2. As comunicacións que o concello dirixa á Administración civil e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega, independentemente do feito que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

ARTIGO X

1. Os documentos do concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en lingua galega, e se cómpre, expedirase unha copia en castelán ou na lingua propia do territorio onde vaia dirixida.

2. As copias dos documentos do concello redactadas en galego que haxa que enviar ás administracións públicas de fóra de Galicia tramitaranse en galego achegando, se cómpre, a tradución á lingua propia da administración respectiva ou en castelán; neste último caso coa indicación de que é tradución do orixinal galego.

ARTIGO XI

Respecto ós documentos dirixidos directamente ós organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal, o concello aterase ó previsto nas disposicións vixentes redactándose sempre que sexa posible en galego.

CAPÍTULO SEXTO DOS AVISOS, PUBLICACIÓNS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

ARTIGO XII

Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera outro medio de comunicación radicado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia serán redactados en galego. Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicación será dobre.

ARTIGO XIII

Os cargos do Concello do Carballiño expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ARTIGO XIV

1. Os libros, revistas e tódolos carteis e publicacións que edite o Concello do Carballiño, así como as mensaxes a través dos medios de comunicación, faranse en lingua galega agás os destinados especialmente ó exterior que se poderán facer na lingua dos destinatarios.

2. Fóra do ámbito lingüístico galego a publicidade farase en dobre versión: galego e a lingua do lugar onde se dirixa ou castelán.

ARTIGO XV

Tódolos textos que han de ser publicados enviaranse ó Servicio de Normalización Lingüística para a súa corrección.

CAPÍTULO SÉTIMO DOS REXISTROS

ARTIGO XVI

Sen prexuízo do que para os rexistros públicos estableza a lexislación vixente, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello do Carballiño os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPÍTULO OITAVO ATENCIÓN Ó PÚBLICO

ARTIGO XVII

Os servizos da Oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa promoverán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e información ós cidadáns dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

Isto tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten os servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO NOVENO TOPÓNIMOS, SINALIZACIÓN E RÓTULOS

ARTIGO XVIII

Conforme co disposto no artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos dos Concello do Carballiño é a galega.

ARTIGO XIX

Os rótulos, sinalizacións da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos dependentes do concello ou instalada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ou calquera outra entidade, serán redactadas en idioma galego. Cando o interese en xeral o requira tamén poderán redactarse en castelán ou noutros idiomas.

ARTIGO XX

O Concello do Carballiño velará pola normalización de toda a súa sinalización e rotulación; tomará as medidas necesarias para garanti-lo uso da toponimia oficial galega.

CAPITULO DÉCIMO

DA SELECCIÓN, PROVISIÓN E RECICLAXE DO PERSOAL

ARTIGO XXI

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ó servizo da corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu obxectivo establécese o seguinte:

ARTIGO XXII

1. Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello do Carballiño, xa sexa funcionario, laboral ou calquera outro xeito, ha de figurar, como condición obrigatoria que tódolos aspirantes acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á función desempeñada.

2. Por proposta da Comisión de seguimento desta Ordenanza o Pleno do Concello establecerá nas bases das convocatorias o nivel de galego que acreditarán os aspirantes.

ARTIGO XXIII

1. Na provisión dos postos de traballo, incluídos os cargos con habilitación nacional, os candidatos han de ser capacitados e posuír un grao de coñecemento da lingua galega, tanto na expresión oral coma na escrita, que os fagan aptos para desenvolve-las funcións.

2. Por proposta da Comisión de seguimento desta ordenanza, o Pleno do Concello, á hora de defini-los postos de traballo, establecerá os niveis e contidos respectivos de coñecemento oral e escrito da lingua galega para cada caso, e ha de considera-lo coñecemento expreso da lingua galega como requisito indispensable ou mérito preferente de acordo coa avaliación que se estableza.

ARTIGO XXIV

O Servizo de Normalización Lingüística formará parte dos tribunais cualificadores para face-la valoración dos coñecementos de galego, na selección de persoal e na provisión de postos de traballo.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ARTIGO XXV

Os responsables dos diferentes órganos do Concello do Carballiño de acordo co Servicio de Normalización Lingüística tomarán as medidas necesarias para que, nos órganos da súa competencia, o persoal que neles traballe teña os coñecementos precisos de galego a fin de garantir un desenvolvemento correcto, dende o punto de vista lingüístico das tarefas internas ou dirixidas ós/ás administrados/as.

ARTIGO XXVI

O Concello do Carballiño, de acordo co Servicio de Normalización Lingüística, organizará cursos de lingua galega para todo o funcionariado que non teña os coñecementos necesarios para exercer-las súas funcións e para mellora-lo nivel de linguaxe administrativa ou doutras especialidades.

ARTIGO XXVII

Será obrigatorio para todo o funcionariado adquiri-lo nivel de coñecemento establecido nas bases, de acordo cos criterios e termos que fixe a Comisión de seguimento da ordenanza.

O persoal ó servizo da corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participase nos programas de formación ou perfeccionamento deberá utilizalo no seu traballo.

ARTIGO XXVIII

A formación profesional do persoal funcionario e laboral do Concello do Carballiño farase en lingua galega, sempre que dependa do concello a programación e organización. De non depender del, o concello demandará que se faga en galego.

CAPÍTULO UNDÉCIMO

DO CUMPRIMENTO E SEGUIMENTO DA ORDENANZA

ARTIGO XIX

1. Para garanti-lo cumprimento desta ordenanza, crearase unha Comisión interdepartamental de seguimento integrada cando menos polo/a alcalde/esa, o/a secretario/a, o/a responsable de persoal, un membro de cada grupo político con representación no concello, a persoa responsable do Servicio de Normalización Lingüística, os rexedores que se determinen, un representante do comité de empresa e outro da xunta de persoal.

2. Esta Comisión de seguimento reunirase polo menos dúas veces ó ano, para analiza-lo cumprimento e desenvolvemento desta ordenanza, e extraordinariamente cando o convoque c/a alcalde/esa por iniciativa propia ou a petición dalgún dos membros.

3. A actualización, ampliación ou revisión da ordenanza ramén depende desta comisión, a cal fará o estudo e a proposta correspondente ó Pleno do Concello, para que, se procede, aprobe a modificación.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ARTIGO XXX

É competencia da Comisión de seguimento promover, chegado o caso, os expedientes sancionadores oportunos polo incumprimento da ordenanza.

CAPÍTULO DUODÉCIMO DO IMPULSO INSTITUCIONAL

ARTIGO XXXI

1. Consonte ó establecido no artigo 25 da Lei de normalización lingüística da lingua galega, o Concello do Carballiño fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantis, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.
2. Das tarefas que se realicen para impulsar institucionalmente no Concello do Carballiño, ocuparase o Servicio de Normalización Lingüística.
3. Tódolos organismos do Concello do Carballiño impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do Servicio de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que establece a Comisión de seguimento desta ordenanza.
4. O Concello do Carballiño poderá outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais para as actuacións relacionadas coa normalización lingüística, conforme co artigo 25 da Lei de normalización lingüística.